



Memoria

final do departamento de Música

IES A Xunqueira II

Pontevedra

Asdo. A xefatura de departamento

D^a/D. Fernando Otero Urtaza



Índice

1. Modificacións introducidas durante o curso na programación didáctica feita ao principio de curso e as súas motivacións.....	3
2. Análise dos resultados das avaliacións do alumnado en relación cos cursos anteriores.....	3
3. Propostas para a revisión de.....	3
1. A programación didáctica para o curso seguinte	3
2. A concreción curricular	3
4. Funcionamento do departamento	4
5. Composición do mesmo	4
6. Temas máis importantes tratados nas reunións	4
1. Setembro	4
2. Outubro.....	4
3. Novembro	5
4. Decembro	5
5. Xaneiro.....	5
6. Febreiro.....	6
7. Marzo	6
8. Abril.....	6
9. Maio	7
10. Xuño	7
7. Informe de actividades complementarias e extraescolares.....	8
8. Valoración do traballo feito para a integración das TIC na práctica docente, fomento da lectura e desenvolvemento das competencias clave	8
9. Libros de texto, inclusive EDIXGAL.....	8

1. Modificacións introducidas durante o curso na programación didáctica feita ao principio de curso e as súas motivacións

Debido aos cambios no calendario escolar polos que a 3ª avaliación, que ia ser do 5 ao 8 de xuño, unificouse coa avaliación final o día 22 do mesmo mes e, seguindo as instrucións da inspección educativa tal e como nos foi indicado na CCP do 31/01/2023, dispuxemos até o 28 de febreiro para presentar as modificacións ás programacións nunha addenda na que tivemos que facer as modificacións oportunas e plantear as actividades de recuperación, reforzo e/ou ampliación para xuño.

2. Análise dos resultados das avaliacións do alumnado en relación cos cursos anteriores

No presente curso 2022/23 o departamanto tivo 267 alumnos, dos que 118 cursaron Música en 2º ESO, 112 Música 3º ESO, 9 Música 4º ESO e 28 Historia da música e da danza (HMD) de 2º BACH.

ALUMNADO MÚSICA						
Nivel	Total alumnos	Suspensos	%	Validacións	Aprobados	%
2º ESO	118	24	20,34	0	94	79,66
3º ESO	112	8	7,14	1	103	91,96
4º ESO	9	1	11,11	0	8	88,88
2ºBACH. HMD	28	1	3,57	1	26	92,85
Total	267	34	12,73	2	231	86,51

Dos 267 alumnos 34 no superaron a materia. O fracaso foi dun 12,73%. En números absolutos temos menos alumnos matriculados (267 fronte a 319) con respecto o pasado curso e os que non superaron a materia son 34 fronte a 24. Si o punto de vista que adoptamos e o dos números relativos (12,73% contra 7,42%) Temos que observar que os datos debense avaliar cunha certa precaución debido desaparición de dúas optativas (Linguaxe e Práctica Musical e Obradoiro de Creación e Comunicación Audiovisual) de 1º de Bacharelato.

3. Propostas para a revisión de

(Explicación do apartado)

1. A programación didáctica para o curso seguinte

A entrada en vigor da LOMLOE nos niveis pares no curso 2023-2024 fai que teñamos que facer unha nova programación para a música de 2º ESO, 4ºESO e Historia da Música e da Danza (HMD) de 2º de bacharelato

2. A concreción curricular

A entrada en vigor da LOMLOE esixiu a modificación da concreción curricular de centro; ante as dúbidas plantexadas Inspección enviou unha serie de indicacións de cara á modificación dos criterios xerais para avaliación, promoción e titulación que incluímos nunha addenda a programación do curso 2021-22 e aplicaremos nos niveis pares o vindeiro curso 2023-24.

De cara os criterios de promoción e titulación e seguindo a proposta da dirección do centro: Considerarase abandono de materia cando o número de faltas de asistencia non xustificadas cuadruple o número de sesións semanais da mesma; previamente, ao acadar o 50% desa cifra,

o responsable da materia deberá enviar unha notificación de aviso aos responsables legais do alumnado.

A non realización das actividades marcadas na programación dunha materia (non presentación de traballos obrigatorios, probas teóricas en branco...) imposibilitará tamén a titulación impedindo así aplicar a excepcionalidade recollida na norma.

4. Funcionamento do departamento

A planificación do traballo do departamento o longo do curso realizouse nas reunións periódicas que tiveron lugar na 3ª sesión dos xoves.

5. Composición do mesmo

Impartiron a materia Rosa María Quinteiro Rendo, Juan Carlos Pérez Mestre e Fernando Otero Urtaza. A asignación de grupos ao profesorado foi a seguinte:

Asignación de grupos	Totais	2º ESO	3º ESO	4º ESO	2ºBACH	CM
Rosa Mª Quinteiro Rendo	5	2	2			1
Juan Carlos Pérez Mestre	2	2				
Fernando Otero Urtaza	5		2	1	1	1

6. Temas máis importantes tratados nas reunións

1. Setembro

- Juan Carlos Pérez Mestre (Director do IES A Xunqueira II) farase cargo de 2º ESO C, 2º ESO D. Fernando Otero Urtaza (Xefe de Departamento) asumirá a docencia en 3º ESO C, 3º ESO D, 4º ESO ABCD, HMD 2º BACH ABC e farase cargo do club de Música. Rosa María Quinteiro Rendo farase cargo de 2º ESO A-PMAR, 2º ESO B, 3º ESO APMAR, 3º ESO B e do Club de música
- A programación do curso está a disposición dos profesores en un documento PDF no escritorio do ordenador do departamento e no correo electrónico corporativo de cada un de eles agás a de 3º ESO que atoparán aloxada na aplicación da Xunta (Proens)
- Finalizada a pandemia de COVID19 o departamento restablece o uso habitual da aula de música, con normalidade, segundo o horario que figura na entrada da aula así como as sesións do club de música nos períodos de lecer. O departamento tamén impartira a súa docencia no salón de actos (as clases prácticas coa voz ou a frauta) e no Espazo Maker
- Recórdase os profesores que as avaliacións iniciais, que terán lugar os días 26,27,28 e 29 de setembro, son segundo a lexislación vixente de carácter cualitativo, isto é, que temos que centrarnos nas competencias básicas e obxectivos xerais, informes previos, o medio sociofamiliar e calquera observación que estimemos oportuna; e non cuantitativo, como son o resto das avaliacións do curso (do 1 o 10)
- A Semana da Música desenvolverase, si así o aproba o consello escolar no mes de xuño do día 5 o 9.

2. Outubro

- Cada profesor do departamento levara o plan de recuperación dos alumnos coa música pendente e/ou repetidores que teña na súa clase.
- Tamén pretendemos, do mesmo xeito que o ano pasado, establecer quendas de alumnos autorizados a usar o espazo da aula de música nos períodos de lecer mediante a creación do Club de música.
- Dotación:

- Aula de música: guitarras (4 españolas, 2 eléctricas, 1 baixo eléctrico) piano dixital e batería dixital, montaxe dunha Illa de instrumentos de placa situada ao final da aula. Salón de actos: batería, piano, teclado Roland. Departamento: Clavinova
- Os profesores do departamento programarán este ano os obradoiros de eco percusión dirixidos por Didier Díaz Madan para 2º ESO.

3. Novembro

- Queda realizada a reserva para a visita a Celanova e participación nunha actividade de órgano para o IES Xunqueira II de Pontevedra o día 31 de maio para 50/55 rapaces e 3 profesores. O itinerario coma sempre, Mosterio, Casa dos poetas, Vilanova dos infantés, Castro Mao... o custo das visitas será de 2€ por alumno e a actividade de órgano é de balde.
- Avaliación por competencias: cómpre ter as cualificacións introducidas no Xade e no Excel polo menos 48 horas antes das xuntas de avaliación, seguindo esta secuencia: 2º ESO e 4º ESO no primeiro trimestre 1º e 3º no segundo trimestre. Na avaliación final avaliarase por competencias en toda a ESO, usaranse para este fin os ordenadores con sistema operativo windows da sala de profesorado, nos que haberá unha táboa de Excel na que poder introducir en cada materia unha nota para cada competencia.
- A programación do curso estase a desenvolver segundo o previsto

4. Decembro

- Desde a dirección do centro sinalanse os seguintes aspectos que debemos revisar da programación de 3ºESO (Proens):

“5.2. Criterios de cualificación e recuperación

As porcentaxes establecidos para as probas escritas e táboa de indicadores son variables encada unidade (apartado 3.3. Avaliación das unidades didácticas) e, a priori, non se correspode co determinado neste apartado (45%: contido teórico - 55% contido práctico) polo que procede facer as oportunas modificacións ben no 3.3, ben no 5.2.

7.2. Actividades complementarias

Non procede poñer as actividades de 2º da ESO na programación de 3º da ESO.

Póñoa "en revisión pola dirección" (ou en revisión pola XD no caso de non ter sido revisada pola mesma) para que se poida editar. Unha vez modificada deberá pasar de novo a "supervisión da XD" e finalmente "entregada á dirección". Agradécese que este procedemento se remate antes do 15 de decembro. As xefaturas de departamento teñen ata o 15 de decembro para supervisar as programacións didácticas, que o director debe enviar a Inspección antes das vacacións de Nadal.”

- Acórdase a compra de seis xogos de cordas para as guitarras e encordar unha de elas para que a poda tocar o alumnado zurdo.
- Acórdase xestionar para celebrar o 25 de abril unha actividade conxunta co departamento de portugués que consistiría nun obradoiro de improvisación e un recital de música portuguesa a cargo de Gael Papel

5. Xaneiro

- Chamada ao comisario da exposición de instrumentos medievais **A memoria do son**, na facultade de Belas Artes de Pontevedra para concretar data e condicións para unha visita escolar.
- Ampliase o calendario escolar modificándose, na ESO, as datas da 2ª avaliación 13,14, 15 e 16 de marzo e 3ª avaliación (Final) 22 e 23 de xuño. Será necesario facer unha addenda á programación

- Debido á ampliación do calendario escolar acordamos cambiar a datas da semana da música: desde a semana do cinco ao nove de xuño pasa á do 22 ao 26 de maio.
- Mantemos as datas previstas para a actividade de Celanova: 31 de maio, 1 e 2 de xuño.
- Fixemos unha selección dos libros de texto de Santillana que obraban en poder do departamento coa fin de utilizalos como material de reforzo de aula co que os alumnos poidan resolver boletíns de actividades.
- O 17 de xaneiro confirmamos a Didier Diaz as seguintes sesións para o día 24 de Marzo 10:30-11:20 2º ESO B, 11:20-12:10 2º ESO C, 12:30-13:20 2º ESO D, 13:20-14:10 2º ESO A

6. Febreiro

- Recepción da documentación do concello de Celanova co repertorio, unidade didáctica, concerto e posibles actividades para o primeiro día da excursión de 2º ESO.
 - Por iniciativa de Rosa María Quinteiro debatemos a necesidade de incorporar 2 ou tres ukeleles e un par de melódicas ao instrumentario de aula de música para prestar a aqueles alumnos que queiran aprender a tocar e non poidan dispoñer dun propio. Tamén tivemos unha sesión de coordinación das clases comúns de 3º ESO, compartimos boletíns de exercicios, repertorio, metodoloxías, fichas de audición, traballos voluntarios...
 - Acordamos estudar a posibilidade dunha conferencia-concerto de Carlos Carpineiro dirixida a todos os alumnos de música da ESO
1. Conforme foi indicado na última CCP, dispoñemos até o 28 de febreiro para presentar as modificacións ás programacións xa que temos que facer a difusión oportuna. Temos que plantear as actividades de recuperación, reforzo e/ou ampliación para xuño
- Acordamos os criterios definitivos para a redacción da addenda á programación. Delegase a antedita redacción no xefe de departamento
 - Comezamos as tarefas de organización da XIII Semana da Música: deseño de carteleira, imáns, camisetas, programas etc.
 - A programación do curso estase a desenvolver segundo o previsto

7. Marzo

- Entregada a addenda á programación 3º ESO proens o martes, 28 de febreiro de 2023, as 11:58. Envío da addenda á programación dos cursos pares (LOMCE) Música.
- Actuacións externas: Lucía Barbosa, ex alumna do noso centro, está a montar un musical cos alumnos do Martín Sarmiento e ofréceo para a Semana da Música. Aceptamos o ofrecemento e pechamos conela as actuacións de Luns e Xoves, temos pechada co Eduardo Pondal, a actuación do mércores, o IES A Xunqueira I pode vir pero hai que pagarlle un pianista.
- Organización: Recibimos os deseños da profesora de Debuxo, Marga Esteban, para os carteis e camisetas da 13 Semana da Música. Acordamos pedirle modificacións na tipografía. Tamén acordamos os modelos de imán, modelo de diploma, versión definitiva da camiseta...
- Establecemos contacto con Pablo Carpineiro para que veña a dar unha charla na 13 Semana da Música. Cobra 450 euros e sería para todos os alumnos de música da ESO. Contamos para o desenvolvemento desta actividade co apoio e a colaboración dos departamentos de Galego, Normalización lingüística, Xeografía e Historia e biblioteca.
- Debido ao gran número de lesións e á carencia dun ascensor (que levamos reclamando 37 anos) o IES a Xunqueira 2 necesita cambiar de localización algunhas aulas das plantas 1ª e 2ª polo que nos vemos obrigados a desmantelar a aula de música. Esperamos que esta indesexable situación cambie no menor tempo posible. Para paliar esta carencia habilitamos, na medida do posible, o salón de actos como aula de música.

8. Abril

- Informe para inspección sobre Anxo Martínez Filgueira alumno HMD (optativa)
A materia desenvólvese a través de traballos tanto individuais como de grupo que os alumnos expoñen oralmente en clase e/ou presentan un produto final.
Fun informado en entrevista coa nai do alumno de que tiña crise epilépticas e que as exposicións orais podíanlle, debido á ansiedade e o estrés, desencadear unha desas crises.
Decidín que a parte da exposición en grupo desenvolta por Anxo, podería gravala en vídeo na súa casa e proxectala en clase cando chegase a súa quenda. No segundo trimestre o alumno, seguramente atopándose mellor, non fixo uso do vídeo e presentou persoalmente a súa parte da exposición oral.
Tanto para as exposicións orais como para os produtos finais requiridos polo profesor, ampliáronselle os prazos de entrega tantas veces como o demandou o alumno.
O alumno ten rexistradas dez faltas de asistencia non xustificadas.
- O Acto do 25 de Abril para os alumnos de portugués e música desenvolveu-se da seguinte maneira Obradoiro de improvisación con 2º e 3º ESO entre os periodos de lecer (10:30-12:10) e recital de 12:30 a 14:10 para os alumnos de 1º de ESO ámbolos dous a cargo de Gael de Papel
- Colaboración cos departamentos de EF e Galego para a elaboración dun Flashmob na Semana das Letras Galegas. A aportación do departamento será gravar unha versión en galego do corazón contento de Marisol. Contaremos coa colaboración da profesora de Física, Carmen Redondo e as alumnas María Agrelo, Cristina Couso, Xiana Fuentes Lía García Chaves, Clara Fernández e Judith Ventura.
- Repartimos as tardes de ensaio previas a Semana da Música: Luns 15 de maio, Rosa; Martes 16 Juan Carlos, Xoves 18 Fernando
- Pechado o itinerario da excursión de Celanova-Vila Real para 2º ESO na que participaron 59 alumnos e tres profesores
- Segue aumentando o número de lesionados aos que hai que trasladar á planta baixa para que poidan recibir clase presencial o que, unido á carencia de ascensor no centro, fai imposible para o departamento a recuperación da aula de música. Pregamos que se resolva dunha vez a instalación dun ascensor, que levamos reclamando 37 anos, para que poidamos dar as clases con normalidade.

9. Maio

- A conferencia concerto de Carlos Carpinteiro sobre instrumentos tradicionais galegos será finalmente o xoves 25 de 12:30 a 14:10.
- Acordamos chamar ao afinador que afinou e reparou o piano do salón de actos co fin de que este listo para a XIII Semana da Música. Aconsellounos afinalo unha vez ao ano e tocado frecuentemente para que non se perda.
- IgualArte informa de que a súa intervención do Luns 22 terá unha duración aproximada de 30 minutos.
- A Academia de Danza Fita Novás presentará un curto de produción propia de oito minutos de duración e intervirá cunha actuación de 15 minutos de duración.
- Frei Martín Sarmiento solicita 80 minutos para o seu musical e Eduardo Pondal 60 minutos para a súa actuación
- O alumnado de Música 4º ESO participará na organización da XIII Semana da Música encargándose de fotografar, filmar e rexistrar audios das actuacións co fin de facer unha reportaxe que servirá como proxecto final desta materia.
- Todo esta a punto para abrir o día 22 a XIII Semana da Música
- A programación do curso estase a desenvolver segundo o previsto

10. Xuño

- Despois da suspensión, o curso pasado, da Excursión a Celanova e Vila Real; este ano realizouse con éxito engadindo ao día de Celanova (Concerto didáctico, Mosterio, Casa dos poetas, Vilanova dos infantés, Castro Mao.) e ao de Vila Real (paintball, tirolinas, aquapark...) unha terceira xornada de sendeirismo naponte de

Arouca e os pasadizos do Paiva. Esta viaxe está a consolidarse e se esta convertendo na actividade extraescolar principal de 2º ESO

- Despois da paréntese de dous anos que supuxo a crise do COVID19 podemos dicir que, malia as restricións de aforo e das medidas anti COVID, o balance da XII Semana da Música foi estremadamente positivo de maneira que este curso 2022-23 recuperamos a total normalidade cunha XIII Semana da Música repleta de actuacións musicais propias e externas, cunha gran presenza da danza, Unha obra de teatro e unha conferencia concerto sobre instrumentos tradicionais de Galicia. Por razóns alleas á nosa vontade, non puido representarse o musical programado co IES Martín Sarmiento. En conclusión, a edición de este ano foi un éxito que esperamos mellorar na XIV Semana da Música do curso 2023-2024.
- A previsión de alumnado do departamento para o próximo curso e a seguinte: catro grupos de 2º ESO, catro grupos de 3º ESO e un grupo de 4º ESO.
- Lémbrese aos profesores do departamento que teñan listas, con antelación, as súas estatísticas para incluílas a tempo na memoria final de curso. Recordamos que o Xefe de departamento dispoñe até as 15 horas do 28 de xuño para presentala

7. Informe de actividades complementarias e extraescolares

- Obradoiros de eco percusión dirixidos por Didier Díaz para os grupos de 2º ESO o día 24 de marzo.
- Obradoiro de improvisación con 2º e 3º ESO entre os periodos de lecer (10:30-12:10) e recital de 12:30 a 14:10 para os alumnos de 1º de ESO ámbolos dous a cargo de Gael de Papel para conmemorar o 25 de abril, aniversario da revolución dos caraveis de Portugal
- Colaboración cos departamentos de EF e Galego para a elaboración dun Flashmob na Semana das Letras Galegas. A aportación do departamento foi gravar unha versión en galego do corazón contento de Marisol. Contamos coa colaboración da profesora de Física, Carmen Redondo e as alumnas María Agrelo, Cristina Couso, Xiana Fuentes Lía García Chaves, Clara Fernández e Judith Ventura.
- XIII Semana da Música, celebrada do 22 ó 26 de maio
- Conferencia concerto de Carlos Carpinteiro sobre instrumentos tradicionais galegos celebrada o xoves 25 de maio de 12:30 a 14:1 h. Contamos para o desenvolvemento desta actividade co apoio e a colaboración dos departamentos de Galego, Normalización lingüística, Xeografía e Historia e biblioteca.
- Excursión de 2º de ESO a Celanova, e Vila Real os días 31 de maio, 1 e 2 de xuño. Participaran 59 alumnos e tres profesores

8. Valoración do traballo feito para a integración das TIC na práctica docente, fomento da lectura e desenvolvemento das competencias clave

Como xa observamos o pasado curso, a disrupción que supuxo o Covid 19, trastocou toda a planificación de estes aspectos, pero significou unha inmersión total no mundo dixital ao ter que manexar a diario a aula virtual (moodle), o EVA (Edixgal), as videoconferencias (webex), o correo electrónico, o mobil, a edición de vídeo (Wondershare filmora 9, iMovie) e audio (Audacity), edición de partituras (Musescore)...

9. Libros de texto, inclusive EDIXGAL

2º ESO

Libro dixital da plataforma Edixgal

3º ESO

Libro dixital da plataforma Edixgal

4º ESO

Libro dixital da plataforma Edixgal